

Maria e Pedro fan unha viaxe a Santiago de Compostela



María e Pedro

son dous rapaces de 8 anos que dende hai uns días están moi nerviosos; non pararan de moverse dun lado ó outro, falan moi rápido, cústalles quedar durmidos e están continuamente detrás da súa nai, preguntándolle cantos días faltan para saír. Non poden máis, as súas ganas por comezar a tan esperada viaxe son incríbles. Ah! Pero non vos contei; sabedes por que están tan nerviosos os nosos protagonistas? Pois hai un mes que os seus



pais lles dixeran que estaban preparando unha longa viaxe, pero sería unha viaxe que non farían no coche como todos os anos, nin tampouco á praia como todos os veráns; senón que esta vez íana facer andando, a Santiago de Compostela; farían o camiño de Santiago.

As novas aventuras que lles esperaban tiñan moi ilusionados a María e a Pedro; coñecerían moitos lugares novos, farían moitos amigos, pasaríano moi ben, e sobre todo, ían aprender moito! Aprenderían algo moi importante, aprenderían a camiñar pola rúa correndo o menor perigo posible; é dicir, aprenderían a ser peóns

exemplares! Isto gustáballes moito, pois logo serían eles os que lles ensinasen ós seus compañeiros e ás súas compañeiras do colexio cando realizasen algunha excursión.

Despois de moitos nervios, de moitas preguntas (algunhas delas sen resposta), e moitos preparativos, por fin chegou o día! A viaxe comezaba; a familia apresurábase a meter na mochila aquelas cousas que lles acordaban no último momento, un xoguete, o boneco de durmir, o amuleto da sorte, algunha menciña, as gomas do pelo, e outras cousas que lles ían acordando mentres se preparaban para partir.

Deron no reloxo as 8 en punto da mañá, e a familia saíu pola porta disposta a camiñar durante unha longa xornada, todos... menos Pedro! Que era moi cedo pola mañá e aínda andaba un pouco despistado, pois cando María saíu pola porta veuno metendo a súa mochila na maleta do coche, disposto a sentar nel coma todos os anos.

– Pedro!!, dixo María; que hoxe non imos no coche!

– É verdade! Xa non me lembraba, entre o sono que teño e a ilusión que me fai a viaxe...



Pero o sono de Pedro logo marchou; en canto se puxeron a camiñar, comezou xunto coa súa irmá María a dar brincos, a correr, a xogar...

A súa nai, advertiuno de que iso só o poderían facer mentres camiñasen por zona rural onde non pasasen coches, que logo cando entrasen na cidade, xa non poderían ir correndo pola beirarrúa, pois sería perigoso. Os nenos non o entenderon ben e seguiron co seu xogo da pilla sen prestar moita atención ás palabras da súa nai. Camiñando polo monte ían atopando moitos animais, un esquío, un coello, un rato, moitos paxariños, unha lebre, etc; e cando sa-

íron de novo á estrada, Pedro e María primeiro asustáronse e logo puxéronse tristes, pois viron que un gato fora atropelado por un coche, e laiábase dunha farida nunha das patillas traseiras. Daquela a María viñéronselles á mente as palabras que súa nai lles dixerá había un anaco; (“Só podedes ir correndo mentres camiñemos por onde non pasan os coches”), e entón preguntoulle:

– Mamá, este gato correu por onde pasan os coches?

– Si María; dixo súa nai; este gato non foi coidadoso, quixo cruzar a rúa e non tivo en conta que por esta rúa pasan moitos

coches e que podía ter un accidente; por iso cando camiñamos pola estrada debemos ter os ollos ben abertos e evitar os máximos perigos posibles.

Desta vez, María e Pedro entenderon mellor o que a súa nai lles explicaba, e tomarono máis en serio; durante un anaco camiñaron con máis coidado.

Pero pronto esqueceron o acontecido, e de novo se puxeron a saltar e a xogar.

Chegaron á cidade, remataran o camiño pola zona rural e os coches pasaban cada vez máis a miúdo, o ruído era cada vez máis intenso. Pasaban vehículos de



todo tipo, dende os máis grandes ata os máis pequenos, dende bicicletas de 2 rodas ata camións de 8 rodas, pasando por motos, coches, autobuses, algún tractor, furgonetas e moitos outros que María e Pedro ían contando. Estes dous nenos tamén se ían fixando en se os condutores cumprían ou non coas normas de seguridade nos vehículos. Os seus pais explicáranlles que cando se monta nun vehículo, sempre hai que poñer o cinto de seguridade, pois se temos algún accidente pode protexernos moito e incluso salvarnos a vida. Tamén lles explicaran que as persoas que van conducindo non poden falar polo teléfono móbil, nin poden distraerse comendo nin be-

bendo; que os nenos pequeniños deben ir sentados na súa cadeira regulamentaria correctamente suxeitos a ela, que non poden ir no asento de diante.

Un condutor falando polo móbil, un neno moi pequeno no asento dianteiro sen a correspondente suxeición, outro condutor comendo, outro meniño no asento dianteiro no colo de súa nai sen ningún tipo de protección, o condutor sen cinto de seguridade... canto perigo!!

Os nosos dous amigos continuaban camiñando xunto cos seus pais, e fíanse fixando noutros detalles:

– María; dixo Pedro; fíxaste en quen leva o casco posto? Mira para o ciclista! Leva casco e chaleco reflector!

– Si Pedro! E mira, o motorista tamén os leva posto!

– Claro; díxolles o seu pai; é moi importante que poñan o casco, pois así, se caen ou teñen calquera accidente non se mancarán tanto.

– Ah! E o chaleco tamén é para protexer as costas?, pregunta Pedro

– Non, o chaleco serve para que os demais condutores vexan mellor ós ciclistas e ós motoristas, así evitan ser atropelados.



Os coches pasan moi rápido, non dá tempo nin de velos; os nenos necesitan cruzar a rúa e non son capaces; menos mal que a súa nai os para! Doutro xeito serían atropelados. Non se pode cruzar a rúa se non temos un semáforo ou un paso de peóns. O pai de María e de Pedro explícalles que para cruzar dunha beirarrúa á outra deben buscar sempre un semáforo e esperar que a luz dos peóns se poña en verde, pois se a temos en vermello significaría que non podemos cruzar.

– E que ocorre se non hai semáforos?, pregunta Pedro

– Se non hai semáforos, debemos buscar

un paso de peóns; unhas liñas brancas e grosas pintadas na estrada; nestas liñas, os coches teñen que parar para deixarnos pasar; pero antes de pasar temos que parar e mirar ben se veñen coches, se veñen, debemos esperar a que paren para que nos deixen pasar e así asegurarnos de que nos viron. Deste xeito non seremos atropelados.

– E se non temos semáforos nin pasos de peóns?, pregunta María

– Ti que cres que debes facer María?, dille a nai

– Pois non cruzo que me poden atropelar!

– Ha ha, si que podes cruzar Marfa; cóntalle súa nai; pero debes facelo con máis coidado que nunca, estás totalmente desprotexida sen semáforos nin pasos de peóns, polo que debes cruzar a rúa mirando moitas veces á dereita e á esquerda e asegurándote ben de que non veñen vehículos por ningún lado; cando xa esteas totalmente segura, debes cruzar sen prásas.

– Ai! A miña botella de auga caeu na estrada! Vou por ela!

– QUIETO! (Berra a nai de Pedro agarrándoo pola cazadora), case te atropela esa moto! Se che cae algo na estrada mentres vas camiñando, debes asegurarte moi



ben de que podes recuperar o obxecto caído sen correr ningún tipo de perigo, recorda que pola estrada pasan moitos e moi variados vehículos.

María e Pedro acaban de recibir unha boa lección, agora xa son máis conscientes dos seus erros e van con moito máis coidado pola rúa.

A nosa familia está chegando ó remate da súa viaxe; pero seguen camiñando co mesmo ánimo co que empezaron. Durante o seu traxecto atopáronse con outra familia que tamén ía facendo o Camiño de Santiago; así María e Pedro coñeceron a Raquel, unha nena de 6 anos que ía facendo

o camiño cos seus pais. Como chegou a hora de merendar, sentaron na terraza dun bar para pedir uns bocadillos. Cando remataron a merenda, os tres nenos puxéronse a xogar coa pelota de Raquel, ata que o pai dos nosos protagonistas lles dixo:

– Vedes aquel cristal roto?

– Si.

– Pois foron os xogadores do equipo de baloncesto que lle deron coa pelota e o romperon; vedes aquela señora maior que vén camiñando por alí?

– Si, a do sombreiro azul.

– E que lle pasará se vos escapa a pelota e lle dades con ela?


– Pois que se mancará e incluso pode caer, responderon os nenos.

– E se a pelota vos vai para a estrada? Continuou o pai de María e Pedro.

– Pois non podemos ir por ela porque pasan coches, ademais se a pisan coas rodas podemos provocar un accidente e ademais quedamos sen pelota; contestou María.

– Pois daquela case mellor non xogamos aquí con ela, dixo Raquel.

E Raquel tiña moita razón; xogar con



pelotas nas beirarrúas é algo moi perigoso, podemos causar moitos danos se non a controlamos ben.

E por fin, María, Pedro, Raquel e os seus pais, chegaron á Catedral de Santiago de Compostela dando por finalizada a súa viaxe, na que como vimos, aprenderon moitas cousas! Agora si sabían ser bos peóns; sabían como facer para non correr perigos nas rúas das transitadas cidades.

Cando chegaron á casa, non tardaron moito en quedar durmidos, pois ían ben cansos! Pero o esforzo merecéralles a pena; daba gusto velos despois nas excursións do colexio dirixindo os seus compañeiros

e aprendéndolles todo o que eles sabían para que tampouco lles pasase nada malo polas rúas das cidades.

Os mestres estaban moi contentos con eles, por que eran o perfecto exemplo da seguridade nas estradas.

Realmente, todos debemos tomar exemplo de María e Pedro, vixiar ben os coches, camiñar con seguridade e coidar dos que están con nós; deste xeito evitaremos moitos accidentes que ocorren por imprudencias.

Así que xa sabedes; moito coidado.



issga
Instituto Galego
de seguridade e saúde laboral



**XUNTA
DE GALICIA**